

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación		
9		820	820.00	Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público a curto prazo. Do Estado.		
			820.10	De comunidades autónomas.		
			820.20	De entidades locais.		
		821	821.00	821.00	Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público a longo prazo. Do Estado.	
					821.10	De comunidades autónomas.
					821.20	De entidades locais.
		83			Reintegros de préstamos de fóra do sector público.	
		830	831	831	Reintegros de préstamos de fóra do sector público a curto prazo.	
					Reintegros de préstamos de fóra do sector público a longo prazo.	
		84	840	841	Devolución de depósitos e fianzas constituídos.	
					Devolución de depósitos.	
		85	86	87	Devolución de fianzas.	
					Alleamento de accións e participacións do sector público.	
		870	870.00	870.10	Alleamento de accións e participacións fóra do sector público.	
					Remanente de tesouraría.	
					Remanente de tesouraría. Para gastos xerais.	
		90	900	901	Para gastos con financiamento afectado. Pasivos financeiros.	
					Emisión de débeda pública en euros.	
		91	910	911	Emisión de débeda pública en euros a curto prazo.	
					Emisión de débeda pública en euros a longo prazo.	
		92	920	921	Préstamos recibidos en euros.	
					Préstamos recibidos a curto prazo de entes do sector público.	
					Préstamos recibidos a longo prazo de entes do sector público.	
					Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra do sector público.	
					Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro.	
		93	930	931	Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro a curto prazo.	
					Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro a longo prazo.	
		94	940	941	Préstamos recibidos en moeda distinta do euro.	
					Préstamos recibidos en moeda distinta do euro a curto prazo.	
					Préstamos recibidos en moeda distinta do euro a longo prazo.	
					Depósitos e fianzas recibidos.	
			Depósitos recibidos.			
			Fianzas recibidas.			

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19918 *REAL DECRETO 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero. («BOE» 297, do 10-12-2008.)*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, atende as vítimas deste tipo de violencia dun modo integral e multidisciplinario, polo que para o cumprimento dos seus fins prevé un conxunto de medidas que abranquen aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas.

Entre as devanditas medidas, cabe salientar as que se dirixen ás vítimas desempregadas inscritas nos servizos públicos de emprego, que buscan a súa inserción sociolaboral e, deste modo, acceder a unha independencia económica e persoal necesaria para romper o vínculo co seu

agresor e lograr a súa efectiva recuperación integral. Non obstante, as mulleres vítimas de violencia de xénero presentan, en moitas ocasións, especiais dificultades para acceder a un emprego debido a circunstancias derivadas da situación de violencia sufrida, tales como o conseguinte illamento do mundo laboral e social, a deterioración da propia autoestima persoal ou o feito de ter que facerse cargo en exclusiva dos familiares dependentes. Noutras ocasións, atópanse na necesidade de trasladar a súa residencia habitual a unha localidade distinta de cara á súa protección persoal, o que a miúdo implica a busca dun novo posto de traballo.

Por iso, a lei orgánica establece no seu artigo 22 que «no marco do Plan de emprego do Reino de España, incluírase un programa de acción específico para as vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego.

Este programa incluírá medidas para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia».

En consecuencia, no actual Programa nacional de reformas do Reino de España (PNR), cuxo predecesor, desde 1998, foi o Plan nacional de acción para o emprego

de cada ano, incluíuse o mandato de pór en marcha un programa específico para as vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego, dentro das medidas para aumentar a taxa de ocupación feminina e eliminar a súa discriminación laboral.

O artigo 17.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, establece que «o Goberno poderá outorgar subvencións, desgravacións e outras medidas para fomentar o emprego de grupos específicos de traballadores que atopen dificultades especiais para acceder ao emprego». No mesmo sentido, o artigo 26.1 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, habilita o Goberno para establecer programas específicos destinados a fomentar o emprego das persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo.

Pola súa banda, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, prevé o desenvolvemento de políticas activas para facer efectivo o principio de igualdade, cuxa máxima expresión de quebranto se materializa na violencia de xénero. Con este obxectivo, o seu artigo 11 establece que os poderes públicos adoptarán medidas específicas a prol das mulleres para corrir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Tales medidas, que serán aplicables mentres subsistan as ditas situacións, deberán ser razoables e proporcionadas en relación co obxectivo perseguido en cada caso.

Así mesmo, o punto 6 do artigo 14 do mesmo texto legal establece que os poderes públicos poderán adoptar medidas de acción positiva tendo en conta as singulares dificultades en que se atopan as vítimas da violencia de xénero, considerándoas expresamente como un colectivo de mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Finalmente, dentro do ámbito laboral, o punto 2 do artigo 42 da mencionada lei orgánica permite que os programas de inserción sociolaboral activa se destinen prioritariamente a colectivos específicos de mulleres.

Este real decreto é unha das normas reguladoras de subvencións concedidas polo Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos establecidos nos correspondentes reais decretos de traspaso ás comunidades autónomas da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, do emprego e da formación así como dos programas de apoio á creación de emprego.

O programa que este real decreto aproba, co que se dá cumprimento ao mandato do artigo 22 da Lei orgánica 1/2004, ten o seu fundamento nos obxectivos descritos. Por un lado compendia as axudas que coa mesma finalidade se viñeron establecendo desde a entrada en vigor da devandita lei orgánica e por outro establece axudas adicionais que contribuirán ao incremento da empregabilidade das mulleres vítimas da violencia de xénero inscritas nos servizos públicos de emprego como demandantes, facilitando e promovendo a inserción sociolaboral tanto no emprego por conta allea como na constitución como traballadoras autónomas ou na creación de empresas.

Así mesmo, prevé a atención especializada e confidencial a través de puntos de atención ás vítimas de violencia de xénero integrados por persoal dos servizos públicos de emprego con formación específica en igualdade e violencia de xénero.

Por tanto, no programa establécense accións de políticas activas de emprego dispoñibles para facilitar a inserción sociolaboral destas traballadoras e regúlanse subvencións e axudas específicas que se outorgan para facer efectivo o desenvolvemento de tales accións, que conformarán o itinerario profesional de inserción de cada participante.

Por outro lado, e de acordo coa autorización ao Goberno establecida na disposición derradeira segunda da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do cre-

cemento e do emprego, este real decreto dispón o incremento das bonificacións por contratación indefinida de mulleres vítimas de violencia de xénero reguladas na dita lei co fin de promover a súa contratación, ao se tratar dun colectivo, dentro das mulleres, con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo.

Este real decreto prevé a concesión directa das subvencións de nova creación recollidas nel, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, social e humanitario derivado das particulares circunstancias en que se atopan as mulleres vítimas de violencia de xénero, ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A xestión destas subvencións corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal e ás comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego dentro do marco definido neste real decreto, que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución española.

A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, na reunión do día 5 de novembro de 2007, foi informada deste real decreto. Foron consultadas tamén as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Traballo e Inmigración e da ministra de Igualdade, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2008,

DISPÓÑO :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto aprobar un programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas como demandantes de emprego, que inclúe un conxunto de medidas de políticas activas de emprego dirixidas a este colectivo e a súa regulación.

Artigo 2. *Medidas de actuación.*

As medidas de actuación do programa que se prevén neste real decreto son as seguintes:

- a) Itinerario de inserción sociolaboral, individualizado e realizado por persoal especializado.
- b) Programa formativo específico para favorecer a inserción sociolaboral por conta allea, no que se traballe en aspectos persoais, de ser o caso, levando a cabo actuacións dirixidas a incrementar a autoestima e motivación para o emprego, e en aspectos profesionais das mulleres participantes no programa.
- c) Incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.
- d) Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero.
- e) Incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica.
- f) Incentivos para compensar diferenzas salariais.
- g) Convenios con empresas para facilitar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e a súa mobilidade xeográfica.

Artigo 3. *Beneficiarias do programa.*

1. Poderán ser beneficiarias das accións que integran o programa as mulleres vítimas da violencia de xénero

que estean inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. Non obstante, non será necesaria a inscrición das vítimas de violencia de xénero como demandantes de emprego para a aplicación das bonificacións previstas no artigo 9 deste real decreto.

2. A situación de violencia de xénero, para estes efectos, acreditarase:

- a) A través da sentenza condenatoria.
- b) A través da resolución xudicial que acordase medidas preventivas para a protección da vítima.
- c) A través da orde de protección acordada a prol da vítima ou, excepcionalmente, do informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero mentres non se dite a orde de protección.

3. O prazo para acceder ás medidas previstas neste real decreto, agás disposición en contrario nel, será o seguinte, en función da forma de acreditación da condición de vítima da violencia de xénero:

- a) No suposto de sentenza condenatoria, durante os 24 meses posteriores á súa notificación. Para acceder aos incentivos previstos nos artigos 10 e 11 deste real decreto, e cando a vítima participar no programa formativo específico previsto no artigo 7, este prazo de 24 meses incrementarase polo tempo que dure a participación no devandito programa.
- b) Nos supostos de resolución xudicial que adoptase medidas preventivas ou da orde de protección, durante a vixencia destas.
- c) No caso do informe do Ministerio Fiscal, ata que se adopte a resolución que proceda sobre a orde de protección.

Estes prazos poderán ser concorrentes e de aplicación sucesiva, de acordo coa evolución da situación da vítima.

4. Por outra parte, poderán ser beneficiarias as mulleres vítimas da violencia de xénero incorporadas ao Programa de renda activa de inserción por esta causa, nas condicións reguladas no Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.

Artigo 4. *Puntos de atención ás vítimas da violencia de xénero e tratamento de datos.*

1. As administracións públicas competentes en materia de emprego establecerán puntos de atención ás vítimas da violencia de xénero, nos que a atención que se preste ás devanditas mulleres será especializada e confidencial.

2. Nos procedementos que se establezan para a incorporación das vítimas nas diferentes accións de políticas activas así como nos procesos de intermediación para a súa colocación, as administracións públicas competentes deberán establecer os mecanismos necesarios para garantir, en todo momento, a confidencialidade dos datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Cando a demanda de emprego se poña en coñecemento de terceiros, só se poderá dar a coñecer a situación de violencia de xénero co consentimento expreso da vítima.

Artigo 5. *Compatibilidade de subvencións.*

As medidas reguladas neste real decreto serán compatibles entre si, así como coas demais medidas de políticas activas de emprego para a inserción laboral deste colectivo e con outras subvencións, axudas, ingresos ou

recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Malia o anterior, será aplicable ás bonificacións a que se refire o artigo 9 o disposto no artigo 7.3 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

As bolsas por asistencia a cursos de formación profesional para o emprego establecidas no artigo 7 deste real decreto son compatibles coa percepción das prestacións e subsidios por desemprego, incluída a renda activa de inserción.

CAPÍTULO II

Medidas para facilitar a inserción sociolaboral das vítimas de violencia de xénero

Artigo 6. *Itinerario de inserción sociolaboral realizado por persoal especializado.*

A orientación que se desenvolva coas vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego deberá ser individualizada, baseada nos recursos e nas circunstancias que rodean cada persoa.

Será realizada por persoal técnico especializado, para o cal os servizos públicos de emprego deberán garantir que os técnicos especializados que atendan este colectivo teñan a formación necesaria para realizar un acompañamento tutelado da muller no proceso de inserción sociolaboral.

O técnico especializado que apoie a muller no deseño do seu itinerario será o responsable do seu seguimento e avaliación, coordinando as distintas accións en que participe ata a inserción sociolaboral por conta allea ou propia.

As accións de orientación para o emprego realizaranse de maneira individual, salvo no caso de que o técnico especializado considere axeitado e beneficioso para as participantes a súa inclusión en accións xerais de orientación como os grupos de busca de emprego, talleres de entrevistas, sesións informativas ou de motivación, ou aquelas outras deseñadas para obxectivos similares.

Co fin de lograr o maior grao de participación destas persoas nos diferentes programas de políticas activas de emprego que sexan necesarios para o correcto desenvolvemento do seu proceso de inserción profesional, na aplicación dos criterios de prioridade para a selección de participantes nos devanditos programas, sinalarase especificamente a condición de vítima de violencia de xénero, outorgando especial prioridade a esta condición.

Artigo 7. *Programa formativo específico para favorecer a inserción sociolaboral.*

Dentro do itinerario de inserción sociolaboral poderase incluír a realización dun programa formativo específico. Este programa contará con dúas fases: unha primeira fase de preformación e unha segunda de formación profesional para o emprego. Non obstante, o técnico especializado poderá determinar, á vista das necesidades específicas da vítima de violencia de xénero, se esta require a súa participación nas dúas fases do programa ou só na segunda.

- a) Fase primeira de preformación.

O obxectivo desta fase é facilitarlle ás beneficiarias o desenvolvemento de habilidades sociais e, se for o caso, unha cualificación básica, así como motivalas na súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo e para afrontar a segunda fase de formación.

Esta fase levarase a cabo a través dos recursos dispoñibles en cada comunidade autónoma, tales como servizos sociais, organismos de igualdade, organizacións non-gobernamentais ou outros organismos ou entidades, para o cal o Servizo Público de Emprego articulará a correspondente coordinación. Teranse en conta as necesidades específicas das mulleres estranxeiras, entre outras, o idioma, e das mulleres discapacitadas, se for o caso.

b) Fase segunda de formación profesional para o emprego.

Esta fase realizarase de conformidade co disposto no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e consistirá na participación das mulleres nas accións formativas que oferten anualmente os servizos públicos de emprego.

O seu obxectivo é proporcionarlles ás participantes formación profesional para o emprego en distintas especialidades que se adapten ao seu perfil inicial e pertencen a sectores de actividade con capacidade para xerar emprego, garantindo así a súa inserción no mercado laboral.

Para efectos de procurar o maior nivel de inserción sociolaboral, as accións formativas, na medida do posible, desenvolveranse fundamentalmente a través de accións formativas que inclúan compromisos de contratación, previstas nos artigos 22.1.d) e 23.2.d) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, nos que polo menos o 60 % das participantes formadas sexan contratadas á finalización do curso.

Durante o tempo de participación nunha acción formativa a muller terá dereito a percibir unha bolsa por asistencia de 10 euros por día lectivo ata a finalización do curso. Esta bolsa é compatible coas axudas e bolsas establecidas no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

Así mesmo, co fin de conciliar a asistencia aos cursos co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes, poderanse outorgar axudas nos termos establecidos no artigo 25.4 do Real decreto 395/2007.

Estas axudas concederanse de acordo co procedemento establecido no Real decreto 395/2007, e normas de desenvolvemento.

Artigo 8. *Incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.*

Os incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia concederanse de acordo co previsto na Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula a concesión de subvencións ao Programa de promoción de emprego autónomo, ou norma que a substitúa. A devandita orde establece que, no suposto de mulleres vítimas de violencia de xénero, as subvencións e axudas para o establecemento como traballadoras autónomas ou por conta propia, ao ser considerado un dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, incrementaranse ata un 10 % respecto das establecidas para as demais traballadoras.

Artigo 9. *Incentivos para as empresas que contraten mulleres vítimas de violencia de xénero.*

A contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero é obxecto de bonificación nas cotas á Seguridade Social, tanto se é indefinida como temporal, segundo o establecido no artigo 2.4 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

A contía da bonificación pola contratación das mulleres vítimas de violencia de xénero será a establecida na disposición derradeira primeira deste real decreto. As empresas que contraten vítimas da violencia de xénero,

especialmente mediante contratos indefinidos, poderán recibir subvencións nos termos que se establezan nos programas para incentivar a contratación propios das comunidades autónomas.

Artigo 10. *Incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres.*

As mulleres que, como consecuencia da súa contratación, teñan que trasladar a súa residencia habitual poderán recibir as seguintes subvencións por mobilidade xeográfica para financiar os gastos derivados do dito traslado:

a) Gastos de desprazamento.

Estas subvencións destinaranse a cubrir os gastos de desprazamento da beneficiaria, así como os dos familiares ao seu cargo que convivan con ela, desde a localidade de orixe á do novo destino.

Cando o desprazamento se realice en liña regular de transporte público, a contía máxima da axuda será o importe do billete ou pasaxe dentro da tarifa correspondente á clase segunda, turista ou equivalente.

Se se utiliza para o desprazamento o vehículo particular, a contía máxima da axuda será a establecida para o efecto nas administracións públicas como indemnización por uso de vehículo particular, á que se engadirá o importe das peaxes que se xustifiquen.

b) Gastos de transporte de mobiliario e útiles.

Polo traslado de mobiliario e enxoval, desde a localidade de orixe á do novo destino, na contía do custo do devandito traslado, ata un máximo de 4 veces o indicador público de renda de efectos múltiples mensual vixente.

c) Gastos de aloxamento.

Estas subvencións destinaranse a cubrir gastos xerados polo aloxamento, incluíndo o aluguer ou a adquisición de vivenda ou outros gastos de hospedaxe, da beneficiaria e dos familiares ao seu cargo que convivan con ela, na localidade de novo destino, durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato. A contía máxima da axuda será de 10 veces o IPREM mensual vixente.

d) Gastos de gardaría e de atención a persoas dependentes.

Estas subvencións destinaranse a cubrir gastos por asistencia a gardarías ou centros de ensino durante o primeiro ciclo de educación infantil dos fillos da beneficiaria que dependan economicamente dela ou por atención das persoas dependentes ao seu cargo, xerados durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato. A contía máxima da axuda será de 4 veces o IPREM mensual vixente.

Considérase que existe mobilidade xeográfica cando, como consecuencia da contratación, se produza un traslado efectivo da residencia habitual da traballadora a unha localidade de destino que se atope a máis de 50 quilómetros da localidade de orixe, agás cando se trate de desprazamentos con destino ou orixe en Ceuta ou Melilla ou desprazamentos interinsulares, efectuados entre calquera das illas de cada un dos arquipélagos, nos que a distancia poderá ser inferior.

Artigo 11. *Incentivos para compensar diferenzas salariais.*

Terán dereito a estes incentivos as mulleres cuxo contrato laboral se extingue por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero, segundo o establecido no artigo 49.1.m) da Lei do Estatuto dos traballadores, e o contrato subsecuente que formalicen, xa sexa indefinido ou tem-

poral, cunha duración efectiva igual ou superior a seis meses, implique unha diminución salarial nos termos recollidos no parágrafo seguinte:

Cando a base de cotización resultante do novo contrato da traballadora sexa inferior á do anterior contrato extinguido, a traballadora terá dereito a percibir por meses unha contía equivalente á diferenza entre ambas as bases de cotización, por un importe máximo de 500 euros/mes e durante un tempo máximo de doce meses.

Para efectos do cálculo da diferenza considerarase a media de bases de cotización para accidentes de traballo e enfermidades profesionais, excluída a retribución por horas extraordinarias, durante os seis meses ou período de tempo inferior anteriores á data de extinción do contrato anterior, e a media das bases de cotización seguintes á data de vixencia do novo contrato, por períodos de seis meses. No suposto de que o último contrato da traballadora, o novo contrato ou ambos sexan a tempo parcial, o cálculo efectuarase de forma proporcional á xornada habitual ou a tempo completo.

Artigo 12. *Convenios con empresas para facilitar a contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero e a súa mobilidade xeográfica.*

A Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, co fin de facilitar a contratación ás mulleres vítimas de violencia de xénero e a mobilidade xeográfica, para aquelas que teñan necesidade de trasladar a súa residencia coa garantía dun emprego, promoverá a subscrición de convenios de colaboración con empresas para fomentar a sensibilización sobre a violencia de xénero e a inserción laboral das vítimas.

Así mesmo, a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero difundirá estes convenios entre os servizos públicos de emprego, e outros órganos e entidades que atenden este colectivo, co obxecto de que se realicen as xestións necesarias para pór en contacto a muller coas empresas co fin de promover a súa colocación.

En cada convenio establecerase unha comisión de seguimento deste. As empresas que formalicen contratos no marco destes convenios informarán deles a comisión de seguimento do convenio, co fin de que esta realice o seguimento e a análise do funcionamento desta medida e da súa efectividade.

Artigo 13. *Difusión do programa e doutras medidas para o fomento e a promoción do emprego das vítimas de violencia de xénero.*

De acordo co establecido nos artigos 23 e 25 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, os órganos administrativos competentes deberán organizar campañas de divulgación informativa acerca das medidas previstas neste programa, así como doutras medidas e programas existentes para o fomento e a promoción do emprego das vítimas da violencia de xénero.

Procurarase, así mesmo, a implicación das empresas na formación das traballadoras vítimas da violencia de xénero, para facilitar a realización de prácticas nestas co fin de proporcionar experiencia laboral como parte do itinerario de inserción profesional.

Para facilitar unha información útil e actualizada das convocatorias de axudas, ofertas formativas e outras accións que se poñan á disposición das mulleres vítimas de violencia de xénero, deberá existir unha coordinación entre os servizos públicos de emprego, os organismos de igualdade, as casas de acollida e os servizos sociais.

Artigo 14. Financiamento das medidas.

1. As bolsas reguladas no artigo 7.b) e as subvencións reguladas nos artigos 10 e 11 deste real decreto

teñen o carácter de fondos de emprego de ámbito nacional e son competencia do Estado a través do Servizo Público de Emprego Estatal, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

O financiamento destas subvencións efectuarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado a través dos créditos especificamente consignados cada ano no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal.

No suposto das comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego os fondos mencionados distribuiranse de conformidade co establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no citado artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro.

En todo caso, a concesión das subvencións reguladas neste real decreto quedará sometida á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente na correspondente partida orzamentaria.

2. As bonificacións a que se fai referencia no artigo 9 financiaranse segundo o disposto na disposición adicional terceira da Lei 43/2006, do 29 de decembro.

3. Os incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade previstos no artigo 8 financiaranse de acordo co establecido no artigo 5 da Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula a concesión de subvencións ao Programa de promoción do emprego autónomo.

Artigo 15. *Natureza xurídica dos incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica e para compensar diferenzas salariais.*

As axudas establecidas nos artigos 10 e 11 deste real decreto terán a natureza xurídica de subvencións e outorganse en réxime de concesión directa, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, social e humanitario derivado das particulares circunstancias en que se atopan as mulleres vítimas de violencia de xénero, ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 67 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

CAPÍTULO III

Procedemento de concesión de subvencións

Artigo 16. *Órganos xestores.*

A xestión das subvencións establecidas neste real decreto corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego respecto das traballadoras vítimas de violencia de xénero inscritas nas oficinas de emprego do seu ámbito territorial. Nos supostos en que a subvención estea vinculada á contratación da traballadora, será competente o Servizo Público de Emprego Estatal ou os órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas no ámbito territorial das cales se localice o centro de traballo onde preste a súa actividade.

Artigo 17. *Competencias dos servizos públicos de emprego.*

Corresponde aos servizos públicos de emprego competentes a determinación da forma e dos prazos da presentación de solicitudes das subvencións establecidas neste real decreto. Así mesmo, corresponderá aos servizos públicos de emprego a tramitación do procedemento, respectando a natureza xurídica das devanditas subven-

cións, a resolución e, de ser o caso, o pagamento delas e a realización dos controis necesarios.

Artigo 18. Xustificación e reintegro das subvencións.

A xustificación polos beneficiarios das subvencións percibidas axustarase ao establecido no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será aplicable o artigo 17.3 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Darán lugar á obriga de devolver as cantidades percibidas as causas de invalidez da resolución de concesión recollidas no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén procederá o reintegro, total ou parcial, e a exixencia do xuro de demora desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro dela, nos supostos previstos no artigo 37 da citada lei.

Disposición adicional primeira. Puntos de atención ás vítimas da violencia de xénero polo Servizo Público de Emprego Estatal.

O Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, establecerá os puntos de atención ás vítimas da violencia de xénero a que se refire o artigo 4.1 deste real decreto.

Nestes puntos ofrecerase información sobre a existencia deste programa, os seus dereitos e as axudas e subvencións establecidas para a súa inserción no mercado laboral por parte de persoal con formación en igualdade e violencia de xénero.

Posteriormente derivarase, cando a muller así o requira, aos procesos de orientación para iniciar o itinerario de inserción sociolaboral. O persoal técnico especializado, que debe ter formación en igualdade e violencia de xénero, establecerá o itinerario de inserción e coordinará as accións para o efecto.

Os técnicos especializados a que se refire o punto anterior serán as persoas lexitimadas para acceder aos datos de identificación das mulleres vítimas de violencia de xénero, que serán identificadas no sistema cunha clave específica para os efectos do previsto no artigo 4.2 deste real decreto.

Disposición adicional segunda. Xestión de subvencións polas comunidades autónomas.

As comunidades autónomas que teñan asumido o traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, do emprego e da formación, así como dos programas de apoio á creación de emprego, exercerán as funcións que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspaso. A devandita xestión realizarase de acordo co establecido neste real decreto e nas normas de procedemento e bases reguladoras para a concesión de subvencións que diten as comunidades autónomas para a súa execución en función da súa propia organización.

Disposición adicional terceira. Seguimento e avaliación.

1. Para o seguimento do programa créase unha comisión de seguimento deste composta por: un representante do Servizo Público de Emprego Estatal, con rango, polo menos, de subdirector xeral, que a presidirá; un representante, con rango, polo menos, de subdirector xeral, da Dirección Xeral para a Igualdade no Emprego do Ministerio de Igualdade, que asumirá a vicepresidencia; e un representante de cada comunidade autónoma con competencias de xestión asumidas no ámbito do traballo,

do emprego e da formación. A citada comisión estará adscrita ao Ministerio de Traballo e Inmigración a través do Servizo Público de Emprego Estatal.

Non sendo que a comisión acorde outra periodicidade, esta reunirse polo menos dúas veces ao ano e na orde do día incluírase un punto sobre a análise da información relativa ás actuacións realizadas polos diferentes órganos que interveñen no programa.

2. Os servizos públicos de emprego remitiranlle á comisión, con periodicidade trimestral, un informe con, polo menos, os seguintes datos:

Programas ou medidas de emprego e formación desenvolvidas.

Número e características sociodemográficas das persoas beneficiarias dos diferentes programas.

Resultados das accións realizadas.

Resultados en termos de inserción sociolaboral.

Outra información de interese e relación de boas prácticas.

A comisión transmitiralles esta información aos interlocutores sociais a través do Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller e do Consello Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal. Así mesmo, a comisión realizará anualmente unha memoria de avaliación das actuacións realizadas.

3. No non regulado conforme as normas anteriores a comisión determinará as súas propias normas de funcionamento, e será aplicable de forma supletoria, se é o caso, o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional cuarta. Subministración de información.

1. As comunidades autónomas que asumisen a xestión e o control do programa regulado neste real decreto deberánlle proporcionar ao Servizo Público de Emprego Estatal a información necesaria para a elaboración da estatística do dito programa, de forma que quede garantida a súa coordinación e integración co resto da información estatística de ámbito estatal, así como a información sobre os resultados cualitativos obtidos.

Así mesmo, deberánlle proporcionar ao Servizo Público de Emprego Estatal toda a información e a documentación necesarias para o seguimento da execución dos fondos recibidos e dos plans de execución da Estratexia europea de emprego e do Programa nacional de reformas, así como as que precise o Servizo Público de Emprego Estatal para atender os requirimentos que se lle fagan desde outros organismos ou entidades nacionais ou internacionais.

2. O intercambio de información efectuarase, sempre que sexa posible, a través do sistema de información dos servizos públicos de emprego común, integrado e compatible a que se refire o punto 2.a) do artigo 8 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal remitiralles a información estatística ao Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller.

Disposición adicional quinta. Réxime xurídico aplicable ás subvencións.

As subvencións a que se refire este real decreto rexeranse polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei, agás no que afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se

aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, así como nas demais normas que resulten aplicables.

En razón do obxecto das subvencións previstas neste real decreto, non será aplicable a obriga de publicidade das subvencións concedidas, de acordo co disposto no artigo 18.3.d) da Lei xeral de subvencións.

Disposición transitoria única. Aplicación de medidas.

1. Os incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica e para compensar diferenzas salariais establecidas nos artigos 10 e 11, así como a contía das bonificacións por contratación indefinida establecida na disposición derradeira primeira, serán aplicables aos contratos de traballo suscritos a partir da entrada en vigor deste real decreto.

2. Para efectos das axudas por compensación de diferenzas salariais considerárase contrato anterior o que se extingue a partir da data de entrada en vigor da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e nos termos establecidos no artigo 11.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Programa de fomento do emprego regulado na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

En exercicio da autorización ao Goberno establecida na disposición derradeira segunda da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, modifícase a contía da bonificación pola contratación indefinida a tempo completo das mulleres vítimas de violencia de xénero, que queda establecida na de 125 euros/mes (1.500 euros/ano), durante 4 anos desde a contratación, ou contía correspondente de acordo co disposto no artigo 2.7 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, se o contrato é a tempo parcial. No caso de contratación temporal a bonificación será a establecida no artigo 2.4, segundo parágrafo, da Lei 43/2006, do 29 de decembro.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas. Exceptúase do anterior a regulación das bonificacións previstas no artigo 9 e na disposición derradeira primeira, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

19992 REAL DECRETO 1977/2008, do 28 de novembro, polo que se regulan a composición e as funcións da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN. («BOE» 298, do 11-12-2008.)

A Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, na súa disposición derradeira primeira, punto cuarto, engadiulle á Lei de axuízamento criminal unha nova disposición adicional terceira, de acordo coa cal o Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Xustiza e do Interior, e logo dos informes legalmente procedentes, regularía mediante real decreto a estrutura, composición, organización e funcionamento da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN. Esa lei establece, de forma xeral, que á devandita comisión nacional lle corresponderán distintas funcións relacionadas coa acreditación, coordinación, elaboración de protocolos oficiais e determinación de condicións de seguranza dos laboratorios facultados para contrastar perfís xenéticos na investigación e persecución de delitos e a identificación de cadáveres.

A recente Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, encomendoulle á Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, no seu artigo 5, a función específica de acreditación de todos aqueles laboratorios que realicen análises de ADN e acheguen perfís xenéticos á base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN. De acordo co devandito precepto, só poderán realizar análises do ADN para identificación xenética nos casos previstos nesa lei os laboratorios acreditados para tal fin pola Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN que superen os controis periódicos de calidade a que deban someterse.

Á vista destas previsións resulta imprescindible a posta en marcha da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, e tras a cal figura un interese público evidente no bo funcionamento da Administración de xustiza e como garantía nos procesos penais que de xeito crecente empregan o ADN en materia de proba.

Constitúe, pois, o obxecto deste real decreto a regulación da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Xustiza.

A norma regula, así mesmo, cales son as funcións da comisión e a súa composición, na cal se prevé a presenza dun maxistrado, un fiscal, representantes do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses, da Comisaría Xeral de Policía Científica e da Xefatura de Policía Xudicial da Garda Civil, representantes das policía autónomas que contan con laboratorios de ADN que se integran na base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN, así como de expertos en bioética e xenética. Tendo en conta as tarefas técnicas que han corresponder á Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN, considerouse que esta pode situarse na órbita do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, dada a súa acreditada experiencia e prestixio como centro de referencia e de control de calidade no ámbito da xenética forense.

Polo demais, establécense as normas de funcionamento que deben facer posible que a Comisión Nacional para o Uso do ADN cumpra as súas funcións. En especial, régúlase o procedemento que o novo órgano deberá seguir para a avaliación dos laboratorios de análises de ADN.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e do Interior, logo da aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,